	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</li> <li>• Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.</li> <li>• Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.</li> </ul>
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.</li> <li>• Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</li> <li>• Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.</li> </ul>

	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</li> <li>• Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.</li> <li>• Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.</li> <li>• Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</li> </ul>
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...</li> <li>• Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.</li> <li>• Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.</li> <li>• Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.</li> </ul>
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...</li> <li>• Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.</li> </ul>
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.</li> <li>• Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes, en función dos resultados intermedios.</li> <li>• Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</li> <li>• Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.</li> </ul>

### 3. OBXECTIVOS

#### Obxectivos da educación primaria

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obra de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## **LENGUA CASTELLANA**

- Participar en situacións comunicativas colectivas, comprendendo e producindo mensaxes orais coherentes e cohesionadas para expresar con fluidez as súas ideas, emocións e sentimentos

- Ler e comprender textos de tipoloxía diversa (narrativos, descritivos, da vida cotiá, ilustracións...) e desenvolver hábitos de lectura como instrumentos para adquirir coñecemento e como ocio e gozo

- Obter información e opinións dos medios de comunicación social e das tecnoloxías da información e da comunicación, e sabelas interpretar e valorar.

- Comprender e interpretar informacións de traxectos e planos, horarios comerciais, calendarios etc. efectuando os razoamentos numéricos e xeométricos necesarios.

- Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para escribir e falar de forma adecuada, coherente e correcta, sabendo razoar e explicar os procesos seguidos.

- Ser consciente das propias características con obxecto de melloralas e recoñecer tamén as dos outros para relacionarse mellor.

- Desenvolver capacidades emprendedoras tomando decisións en situacións de incerteza mostrando confianza nas propias aptitudes e habilidades.

- Participar en iniciativas de grupo de traballo na aula para conseguir un obxectivo común e relacionarse a través da lingua de maneira adecuada na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta. Utilizar as TIC para obter información, transformala en coñecemento e xerar novas ideas.

- Valorar e apreciar o texto literario en calquera lingua e especialmente os escritos en lingua galega como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

- Comprender textos literarios de xéneros diversos, así como as convencións específicas da linguaxe literaria.

- Amosar curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural e reflexionar sobre iso para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas

-Tomar conciencia da propia aprendizaxe e reflexionar sobre posibles estratexias para emprender novas aprendizaxes.



## LINGUA GALEGA

- Participar en situacións comunicativas colectivas, comprendendo e producindo mensaxes orais coherentes e cohesionadas para expresar con fluidez as súas ideas, emocións e sentimentos
- Ler e comprender textos de tipoloxía diversa (narrativos, descritivos, da vida cotiá, ilustracións...) e desenvolver hábitos de lectura como instrumentos para adquirir coñecemento e como ocio e gozo
- Obter información e opinións dos medios de comunicación social e das tecnoloxías da información e da comunicación, e sabelas interpretar e valorar.
- Comprender e interpretar informacións de traxectos e planos, horarios comerciais, calendarios etc. efectuando os razoamentos numéricos e xeométricos necesarios.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para escribir e falar de forma adecuada, coherente e correcta, sabendo razoar e explicar os procesos seguidos.
- Ser consciente das propias características con obxecto de melloralas e recoñecer tamén as dos outros para relacionarse mellor.
- Desenvolver capacidades emprendedoras tomando decisións en situacións de incerteza mostrando confianza nas propias aptitudes e habilidades.
- Participar en iniciativas de grupo de traballo na aula para conseguir un obxectivo común e relacionarse a través da lingua de maneira adecuada na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta. Utilizar as TIC para obter información, transformala en coñecemento e xerar novas ideas.
- Valorar e apreciar o texto literario en calquera lingua e especialmente os escritos en lingua galega como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- Comprender textos literarios de xéneros diversos, así como as convencións específicas da linguaxe literaria.
- Amosar curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural e reflexionar sobre iso para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas
- Tomar conciencia da propia aprendizaxe e reflexionar sobre posibles estratexias para emprender novas aprendizaxes.

## MATEMÁTICAS

- Expresar oralmente os coñecementos matemáticos adaptándoos á realidade que se pregunta.
- Contar, ler e escribir números cardinais ata a unidade de millar e os ordinais ata o vixésimo e utilízalos para comunicar información numérica en contextos reais.

- Iniciarse na lectura e comprensión así como na resolución de problemas gráficos de sumas, restas, multiplicacións e iniciación á división, incluíndo os conceptos de dobre, triplo e cuádruple, así como a aplicación de estratexias de cálculo mental.
- Acceder a información sobre números e medidas de lonxitude, peso e capacidade utilizando distintos soportes según a necesidade e o contexto.
- Recoñecer formas e corpos geométricos en creacións artísticas e en elementos cotidianos, así como as súas características e os elementos que os forman.
  - Interpretar datos nun diagrama de barras e transmitir esa información.
- Coñecer as horas, os días da semana e os meses do ano e a súa expresión para unha mellor organización do tempo.
- Adquirir habilidade nos cálculos con moeda para mellorar a administración dos propios recursos.
- Orientarse no espazo e desprazarse no mesmo, identificando as posicións relativas dereita-esquerda, diante.- detrás, interpretando a información de carteis, mapas e planos e trazar itinerarios.
  - Participar de maneira activa en proxectos comúns.

## **CIENCIAS SOCIAIS**

- Comprender a organización social da contorna próxima as funcións dos organismos principais e a importancia da participación cidadá.
- Coñecer as distintas características da contorna próxima, identificando tanto as persoas que traballan nela como as manifestacións culturais desta.
  - Coñecer as diferentes formas de relación dos membros dunha comunidade. Sopesar as accións que puidesen alterar a convivencia cívica valorando a importancia dunha convivencia pacífica, tolerante e respectuosa.
- Adquirir hábitos de comportamento cívico e viario adecuados en todas as contornas nas que se desenvolve para actuar como cidadán e peón e para convivir coas persoas da súa contorna
- Identificar a auga como elemento natural, as súas características, propiedades e procesos, e a súa relación co resto dos seres vivos, analizando os usos que o ser humano fai da auga e adoptando actitudes que impulsen a súa protección e a súa conservación.
- Identificar paisaxes (naturais: montaña e costa), as súas características e os seus elementos e os axentes responsables das súas transformacións, así como as actividades humanas que orixinan desequilibrios nela, xerando actitudes de defensa, respecto e recuperación do medio natural.
- Describir, clasificar e diferenciar propiedades e características sinxelas dalgúns minerais e os usos aos que se destinan
- Identificar, describir e empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na súa contorna máis próxima.

- Coñecer os cambios que se producen nas persoas, na sociedade e na contorna co paso do tempo, ser capaz de ordenalos cronoloxicamente dunha maneira moi básica utilizando nocións temporais sinxelas e os elementos adecuados.
- Valorar a importancia de conservar o patrimonio cultural e artístico.
- Utilizar diversas fontes e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de forma guiada, para obter información, aprender e compartir coñecementos do ámbito social
- Participar en situacións de grupo escoitando, valorando e respectando as achegas de cada un dos membros, adoptando un comportamento construtivo e solidario.
- Planificar proxectos sinxelos de maneira guiada, tomando decisións con autonomía e responsabilidade.

## **CIENCIAS DA NATUREZA**

1. Coñecer as partes fundamentais do corpo humano, as súas principais características, algunhas das funcións vitais, así como hábitos saudables relacionados coa alimentación, co exercicio físico, coa hixiene e co descanso; e mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.
2. Recoñecer as funcións vitais dos seres vivos para identificalos na súa contorna cotiá e ser capaz de diferencialos dos seres inertes.
3. Observar, a partir de preguntas guía, plantas e animais da súa contorna para obter información mediante rexistros, utilizando distintas fontes e instrumentos dispoñibles ao seu alcance de maneira moi dirixida
4. Tomar conciencia das prácticas de coidado e respecto cara ás plantas e animais.
5. Observar, identificar, nomear e clasificar plantas da súa contorna ou a través de imaxes, apreciando e describindo algúns dos trazos físicos e pautas de comportamento das plantas coas contornas nas que viven, así como algúns patróns de relación cos seres humanos e cos animais.
6. Identificar e clasificar animais segundo sexan vertebrados ou invertebrados, e en función tamén da súa alimentación, forma de nacer e hábitat.
7. Observar, identificar, diferenciar e clasificar materiais segundo as propiedades físicas observables
8. Recoñecer cambios e transformacións en obxectos e materiais da contorna cotiá.
9. Iniciarse na actividade científica realizando experimentos para estudar o son, o ruído e a contaminación acústica
10. Identificar e valorar prácticas cotiás de redución, reciclaxe e reutilización de materiais e obxectos

11. Coñecer a utilidade das máquinas e das ferramentas do fogar e da contorna próxima, os seus compoñentes, o seu uso responsable e seguro, así como as profesións relacionadas con elas e as principais fontes de enerxía necesarias para o seu funcionamento
12. Tomar decisións reflexionando e sopesando posibilidades de maneira autónoma e responsable para facer fronte a situacións cotiás relacionadas co medio natural.
13. Comprender a información dos textos lidos e utilizar o vocabulario específico para expresar de forma oral, escrita e con apoios gráficos contidos relacionados coa área.
14. Utilizar de forma guiada as TIC e outras fontes para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos
15. Participar en actividades de traballo cooperativo adoptando un comportamento responsable e mostrando habilidades para resolver conflitos pacificamente.

## **PLÁSTICA**

- Realizar debuxos a partir de modelos/imaxes.
- Recoñecer a secuencia temporal que vertebra unha historia.
- Utilizar as novas tecnoloxías como medio de expresión artística.
- Comprender a traba de historias e identificar os personaxes principais dentro dun formato audiovisual.
- Utilizar distintas ferramentas nos seus debuxos e medicións.
- Recoñecer e utilizar diferentes tipos de liñas nas súas composicións: abertas, pechadas, curvas, rectas, horizontais, verticais, oblicuas e espirais.
- Identificar e reproducir no debuxo de figuras xeométricas os conceptos punto, recta e plano.
- Manexar e diferenciar distintos tipos de formato e de tamaño (grande/pequeno e horizontal/vertical).
- Recoñecer e representar a paisaxe no debuxo.
- Utilizar as ceras para o debuxo prestándolle especial atención á limpeza.
- Representar obxectos a través da reutilización de materiais.

## **VALORES CÍVICOS E SOCIAIS**

1. Fomentar a autopercepción, a autovaloración e a identificación positiva das calidades persoais e as emocións, para desenvolver un autoconceito axustado á realidade.
2. Favorecer a autorregulación conductual a través do diálogo interior e de estratexias sinxelas de pensamento positivo.
3. Considerar a importancia de levar a cabo as tarefas escolares encomendadas con interese e responsabilidade, atendendo ás pautas establecidas.

4. Aprender a valorar os dereitos dos nenos e referentes á saúde, a educación e o cariño, así como asumir deberes diversos no ámbito familiar e escolar.
5. Aprender a utilizar estratexias de comunicación non verbal e reflexionar antes de comunicar ideas e pensamentos, interrelacionando ambas as dúas linguaxes en función do interlocutor e da mensaxe que se desexa transmitir.
6. Desenvolver a escoita activa, a empatía e a expresión clara de ideas e pensamentos para mellorar a comunicación e a comprensión, e o respecto nas relacións interpersoais.
7. Valorar e respectar as características individuais, aceptando as súas diferenzas e aproveitando a riqueza que xera a diversidade.
8. Analizar e expresar os intereses e as necesidades propios para mellorar aspectos tales como: as habilidades sociais, as relacións de amizade e o traballo en equipo, tomando conciencia da importancia do valor do esforzo para o logro de obxectivos comúns.
9. Coñecer e respectar as normas de convivencia en contextos formais e informais para evitar desigualdades, desenvolver unha maior implicación persoal e facilitar as relacións interpersoais e a participación democrática.
10. Recoñecer situacións agradables e desagradables que se dan en ámbitos próximos para anticipar e resolver conflitos, tendo en conta varios puntos de vista, utilizando vías pacíficas de resolución e tendo sempre en conta diversos puntos de vista.
11. Tomar conciencia da importancia de facer un uso responsable dos materiais e os recursos que temos ao noso alcance para favorecer a conservación do medio.
12. Coñecer normas básicas de educación vial e de seguridade en medios de transporte públicos e privados para desenvolver actitudes responsables que aseguren a convivencia de acordo a uns valores cívicos socialmente establecidos.
13. Autoavaliar os contidos aprendidos sobre un mesmo, as relacións interpersoais, a convivencia e os valores implícitos nela, para tomar conciencia dos pasos seguidos e os logros alcanzados no proceso de ensino-aprendizaxe, e implicarse persoalmente na aprendizaxe.

## **5.- CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN**

### **LENGUA CASTELLANA**

#### **Todo o curso- unidades 1-12**

#### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR**

-Comprensión e valoración de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato.

- Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.

-Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).

-Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.

-Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita).

-Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

-Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

-Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

-Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.

-Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

- Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.

-Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social.

- Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).

-Interpretación da información das ilustracións.

-Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

.-Introdución ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos

-Iniciación á creación da biblioteca persoal.

-Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

-Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

### BLOQUE 3. ESCRIBIR

- Producción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.

.-Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.

-Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descrições, explicacións elementais).

-Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.

-Utilización de maneira guiada de estratexias para a produción de textos, respondendo a preguntas de para quen e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).

-Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non-verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic

-Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión.

-Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

-Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación, de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.

### BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

-Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio.

-Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.

-Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.

-Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.

-Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.

-Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

### BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas

cantigas e xogos de sorte.

- Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.
- Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais.
- Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.
- Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.
- Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.

### **Primeiro trimestre-unidades 1-4**

#### **BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR**

- Comprensión, expresión e produción de textos orais sinxelos para aprender e informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (refráns, noticias de radio e televisión, anuncios...).
- Dramatización de textos adaptados, desenvolvendo o gusto por participar en dinámicas de grupo.
- Comprensión de mensaxes orais de diverso tipo incluídas as emitidas nos medios de comunicación.
- Concienciación da importancia de utilizar a lingua galega en todos os contextos da oralidade.

#### **BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER**

- Recoñecemento de diversos textos segundo a súa tipoloxía.
- Comprensión da información relevante en textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social como xornais, a radio,..
- Interpretación de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.
- Introdución ao uso das bibliotecas da aula e do centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.

#### **BLOQUE 3: ESCRIBIR**

- Utilización e coñecemento da correspondencia entre os fonemas e as diferentes grafías.
- Coñecemento de normas básicas da ortografía da lingua.
- Produción e reescritura de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información e tamén os propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (a noticia, o anuncio, o cartel...).
- Aplicación dun proceso reflexivo na escritura de textos: pensar, escribir e revisar.
- Interese pola boa presentación dos textos escritos e para aplicar os coñecementos ortográficos traballados na aula.

#### **BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA**

- Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados: sílaba, palabra, oración, texto e nome común e propio.
- Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.



-Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.

#### BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA

-Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): poemas, refráns, contos breves...

-Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.

#### **Segundo trimestre – unidades 5-8**

##### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

-Comprensión, expresión e produción de textos orais sinxelos para aprender e informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (refráns, noticias de radio e televisión, anuncios...).

-Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala sen interrupcións inadecuadas.

-Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese...).

-Dramatización de textos adaptados, desenvolvendo o gusto por participar en dinámicas de grupo.

-Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

-Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

-Uso de fórmulas de tratamentos adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

##### BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

-Recoñecemento de diversos textos segundo a súa tipoloxía.

-Comprensión da información relevante en textos de uso cotián

-Interpretación de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.

-Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

##### BLOQUE 3: ESCRIBIR

-Utilización e coñecemento da correspondencia entre os fonemas e as diferentes grafías.

-Coñecemento de normas básicas da ortografía da lingua.

-Produción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas de agradecemento, utilizando as características habituais deses textos.

-Aplicación dun proceso reflexivo na escritura de textos: pensar, escribir e revisar.

Interese pola boa presentación dos textos escritos e para aplicar os coñecementos ortográficos traballados na aula.

##### BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA

-Observación das variacións morfolóxicas (singular e plural, masculino e feminino).

-Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.

##### BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA

-Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos: lendas, narracións...

-Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.

-Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.

#### **Terceiro trimestre –unidades 9-12**

## BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

- Comprensión, expresión e produción de textos orais sinxelos para aprender e informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián e procedentes de diversos soportes (descricións, cómic, revista, receitas, retrato...).
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.
- Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese...).
- Dramatización de textos adaptados, desenvolvendo o gusto por participar en dinámicas de grupo.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.
- Uso de fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

## BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

- Recoñecemento de diversos textos segundo a súa tipoloxía.
- Comprensión da información relevante en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
- Interpretación de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

## BLOQUE 3: ESCRIBIR

- Utilización e coñecemento da correspondencia entre os fonemas e as diferentes grafías.
- Coñecemento de normas básicas da ortografía da lingua.
- Produción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas de agradecemento, utilizando as características habituais deses textos.
- Aplicación dun proceso reflexivo na escritura de textos: pensar, escribir e revisar.
- Interese pola boa presentación dos textos escritos e para aplicar os coñecementos ortográficos traballados na aula.

## BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA

- Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: artigo, adxectivo, verbo e pronomes persoais.

- Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.

## BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA

- Comprensión de textos literarios e non-literarios e extracción da información relevante.
- Interese e gusto pola literatura, incluída a de tradición oral, e iniciación á elaboración dunha biblioteca persoal.

## LINGUA GALEGA

### Todo o curso- unidades 1-12

#### BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

-Comprensión e valoración de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil e ao contorno máis inmediato.

- Comprensión global e específica de informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.

-Comprensión e produción de textos orais moi sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicación sobre a organización do traballo).

-Actitude de escoita adecuada nas diferentes situacións comunicativas cotiás (conversas e exposicións orais) e respecto polas opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.

-Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou pequenas narracións), con respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala e actitude receptiva de escoita).

-Uso de fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

-Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

-Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

-Recoñecemento de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.

-Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

#### BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

- Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.

-

-Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos breves e sinxelos procedentes dos medios de comunicación social.

- Localización de información en textos para aprender vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).

-Interpretación da información das ilustracións.

-Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

.-Introdución ao uso xeral das bibliotecas da aula e do centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos

-Iniciación á creación da biblioteca persoal.

-Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

-Adquisición progresiva da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

### BLOQUE 3. ESCRIBIR

- Producción e reescritura de textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.

.-Composición de textos moi sinxelos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.

-Composición de textos moi sinxelos relacionados coa escola para organizar e comunicar información (listaxes, descrições, explicacións elementais).

-Respecto polas convencións xerais da escrita: uso das maiúsculas e do punto.

-Utilización de maneira guiada de estratexias para a produción de textos, respondendo a preguntas de para quen e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).

-Creación de textos moi sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non-verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic

-Utilización de elementos gráficos sinxelos, como a ilustración, para facilitar a comprensión.

-Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

-Interese polos textos escritos como medio de aprendizaxe e como medio de comunicación, de experiencias, de regulación da convivencia e de expresión creativa.

#### BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

- Inicio na identificación implícita e uso dalgúns termos lingüísticos elementais: denominación dos textos traballados; palabra e sílaba, nome propio.
- Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.
- Iniciación ao coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.
- Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.
- Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.
  - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.

#### BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

- Recreación e reescritura moi sinxela, usando modelos, de diversos textos literarios (narrativos ou poéticos): breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte.
- Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar

progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.

-Recreación e composición de breves relatos para comunicar sentimentos e experiencias persoais.

-Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

- Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.

-Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.

### **Primeiro trimestre-unidades 1-4**

#### **BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR**

-Comprensión, expresión e produción de textos orais sinxelos para aprender e informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (refrás, noticias de radio e televisión, anuncios...).

-Dramatización de textos adaptados, desenvolvendo o gusto por participar en dinámicas de grupo.

-Comprensión de mensaxes orais de diverso tipo incluídas as emitidas nos medios de comunicación.

-Concienciación da importancia de utilizar a lingua galega en todos os contextos da oralidade.

#### **BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER**

-Recoñecemento de diversos textos segundo a súa tipoloxía.

-Comprensión da información relevante en textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social como xornais, a radio,..

-Interpretación de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.

-Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

-Introdución ao uso das bibliotecas da aula e do centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.

#### **BLOQUE 3: ESCRIBIR**

-Utilización e coñecemento da correspondencia entre os fonemas e as diferentes grafías.

-Coñecemento de normas básicas da ortografía da lingua.

-Produción e reescritura de textos sinxelos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información e tamén os propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (a noticia, o anuncio, o cartel...).

-Aplicación dun proceso reflexivo na escritura de textos: pensar, escribir e revisar.

-Interese pola boa presentación dos textos escritos e para aplicar os coñecementos ortográficos traballados na aula.

#### **BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA**

-Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados: sílaba, palabra, oración, texto e nome común e propio.

-Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico galego.

-Identificación da palabra como instrumento para a segmentación da escritura.

#### **BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA**

-Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos (narrativos ou poéticos): poemas, refrás, contos breves...

-Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.

### **Segundo trimestre – unidades 5-8**

#### **BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR**

-Comprensión, expresión e produción de textos orais sinxelos para aprender e informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (refráns, noticias de radio e televisión, anuncios...).

-Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala sen interrupcións inadecuadas.

-Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese...).

-Dramatización de textos adaptados, desenvolvendo o gusto por participar en dinámicas de grupo.

-Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

-Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

-Uso de fórmulas de tratamentos adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

#### **BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER**

-Recoñecemento de diversos textos segundo a súa tipoloxía.

-Comprensión da información relevante en textos de uso cotián

-Interpretación de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.

-Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

#### **BLOQUE 3: ESCRIBIR**

-Utilización e coñecemento da correspondencia entre os fonemas e as diferentes grafías.

-Coñecemento de normas básicas da ortografía da lingua.

-Produción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas de agradecemento, utilizando as características habituais deses textos.

-Aplicación dun proceso reflexivo na escritura de textos: pensar, escribir e revisar.

Interese pola boa presentación dos textos escritos e para aplicar os coñecementos ortográficos traballados na aula.

#### **BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA**

-Observación das variacións morfolóxicas (singular e plural, masculino e feminino).

-Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.

#### **BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA**

-Recreación e reescritura de diversos textos literarios sinxelos: lendas, narracións...

-Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.

-Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.

### **Terceiro trimestre –unidades 9-12**

## BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

- Comprensión, expresión e produción de textos orais sinxe los para aprender e informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián e procedentes de diversos soportes (descricións, cómic, revista, receitas, retrato...).
- Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas e respecto das opinións de quen fala, sen interrupcións inadecuadas.
- Participación e cooperación nas situacións comunicativas da aula con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese...).
- Dramatización de textos adaptados, desenvolvendo o gusto por participar en dinámicas de grupo.
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.
- Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.
- Uso de fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.

## BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

- Recoñecemento de diversos textos segundo a súa tipoloxía.
- Comprensión da información relevante en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
- Interpretación de coñecementos e de informacións procedentes de ilustracións.
- Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

## BLOQUE 3: ESCRIBIR

- Utilización e coñecemento da correspondencia entre os fonemas e as diferentes grafías.
- Coñecemento de normas básicas da ortografía da lingua.
- Produción e reescritura de textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas de agradecemento, utilizando as características habituais deses textos.
- Aplicación dun proceso reflexivo na escritura de textos: pensar, escribir e revisar.
- Interese pola boa presentación dos textos escritos e para aplicar os coñecementos ortográficos traballados na aula.

## BLOQUE 4: COÑECEMENTO DA LINGUA

- Inicio na identificación implícita e uso dos termos lingüísticos elementais, nas actividades de produción e interpretación: artigo, adxectivo, verbo e pronomes persoais.

- Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.

## BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA

- Comprensión de textos literarios e non-literarios e extracción da información relevante.
- Interese e gusto pola literatura, incluída a de tradición oral, e iniciación á elaboración dunha biblioteca persoal.



## MATEMÁTICAS

### Común aos tres trimestres- unidades 1-12

Bloque I: procesos, métodos e actitudes.

- Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado.
  - Estratexias e procedementos postos en práctica: debuxo, taboa...
- Plantexamento de pequenas investigacións en contextos numéricos, geométricos e funcionais.
- Acercamento ao método de traballo científico.
- Utilización de medios tecnolóxicos para obter información e realizar cálculos mentais, resolver problemas e presentar resultados.

### Primeiro trimestre: unidades 1-4

-Bloque II:números.

-Números naturais ata o 999  
Significado e utilidade.

Sistema de numeración decimal.

Valor posicional e formación dos números.

Os números en situacións reais: lectura, escritura, ordenación, recta numérica.....

-Operacións de sumar e restar e uso na vida cotidiá. Expresión matemática oral e escrita das operacións. Propiedades das operacións e relacións entre elas.

- Cálculo

Estratexias de cálculo.

Cálculo mental automático: tablas de sumar e restar da ata 10 en 10. Cálculo aproximado.

Explicación oral de procesos de cálculo.

Cálculo de sumas e restas sen levar.

Series ascendentes e descendentes.

-Cálculo mental: estratexias e comprobación de resultados. Bloque III: medidas.

-Elexir a unidade máis axeitada para a expresión da medida.

-Unidades de medida de lonxitude, peso e capacidade.

- Ordenación de medidas da mesma magnitude. Bloque IV.xeometría.

- Figuras cúbicas e esféricas.

### **Segundo trimestre – unidades 5-8**

Bloque II: números.

-Operacións.

Operacións de sumar, restar e uso na vida diaria. Tablas de multiplicar.

Relacións entre as operacións e explicación oral das mesmas.

-Cálculo

Estratexias de cálculo.

Estratexias para o cálculo de sumas e restas. Cálculo mental autónomo.

Cálculo aproximado e redondeos.

Explicación oral do proceso seguido na realización de cálculo mental. Realización de sumas, resta e multiplicacións.

-Estratexias de cálculo mental: estimacións e comprobación de resultados. Bloque III. Medidas.

-Elexir a unidade máis axeitada para a expresión da medida.

-Unidades de medida de lonxitude, peso e capacidade.

- Ordenación de medidas da mesma magnitude.

-Sistema monetario: o euro

Valor das diferentes moedas e billetes. Múltiplos e divisores do euro.

Equivalencias entre moedas e billetes.

Bloque IV. Xeometría.

Figuras planas.

Clasificación dos polígonos según o número de lados. Diferencia entre circunferencia e círculo.

Figuras cúbicas e esféricas.

Bloque V. Estadística e probabilidade.

Representación de datos.

Lectura de gráficos e cadros de dobre entrada.

### **Terceiro trimestre—Unidades 9-12**

. Elaborar os traballos individualmente e en grupo.	Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.

## VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

1. Formar unha imaxe axustada de si mesmo sobre a base das autopercepcións de sentimentos e a autodescrición de calidades.
2. Utilizar o diálogo interior para aprender a pensar por si mesmo, autorregular a conduta, xerar pensamentos positivos motivadores e sacar conclusións das aprendizaxes.
3. Realizar con interese e responsabilidade as tarefas escolares, de acordo coas orientacións dadas.
4. Comprender a importancia dos dereitos dos nenos e as nenas relativos á saúde, á educación e ó cariño, e dar razóns sinxelas para a valoración de condutas positivas e negativas en relación á protección destes dereitos.

Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

1. Preparar a comunicación, falar mantendo o contacto visual, entoar de acordo aos sentimentos expresados e utilizar brazos e mans adecuadamente.
2. Enunciar claramente as ideas, escoitar cunha disposición adecuada e comprender as ideas doutras persoas, así como a súa forma de expresalas nunha situación de diálogo.
3. Tomar a iniciativa no establecemento de relacións interpersoais, poñerse no lugar do outro, mostrar simpatía e establecer relacións de amizade.
4. Valorar o respecto e a aceptación do outro, apreciar as calidades doutras persoas e aceptar as diferenzas.

Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

1. Exercitar habilidades sociais que contribúen a valorar a amizade e a lograr un obxectivo común mediante a unión de esforzos.
2. Apreciar as vías pacíficas de afrontar os problemas coas persoas, dialogar con elas, comprendelas, aceptalas e chegar a acordos.

3. Coñecer e comprender os valores e as normas de convivencia que facilitan as relacións, facéndoas máis doadas e agradables para todos.
4. Percibir a beleza da natureza, gozar do contorno e valorar a conservación do medio, respectándoo e contribuíndo ao seu mantemento e mellora.
5. Estimar positivamente o respecto das normas de tráfico e realizar un uso responsable dos medios de transporte.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

### Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.

- 1.1. Recoñece e describe verbalmente os seus sentimentos e estados de ánimo en composicións libres.
- 1.2. Ten unha imaxe de si mesmo coherente coas percepcións cotiás das súas calidades e estados de ánimo.
- 1.3. Razona e expón as relacións entre as súas experiencias e os seus estados de ánimo.
- 2.1. Detecta en si mesmo sentimentos negativos e utiliza estratexias sinxelas para transformalos.
- 2.2. Comprende e valora a utilidade das aprendizaxes realizadas para mellorar o seu benestar.
- 2.3. É capaz de motivarse mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal.
- 3.1. Realiza con responsabilidade as tarefas.
- 3.2. Segue as directrices de realización das tarefas que recibe e aplícaa en situacións posteriores.
- 3.3. Toma iniciativas de actuación na aula e móstrase entusiasta.
- 3.4. Comprende e expón publicamente a importancia de que todos os nenos e as nenas reciban unha educación que lles permita desenvolverse ao máximo das súas posibilidades para ter unha boa autoestima e prepararse para a idade adulta.
- 3.5. Razona verbalmente sobre as consecuencias de que os nenos non teñan a oportunidade de crecer e desenvolverse con boa saúde.
- 3.6. Respecta a igualdade de dereitos de nenos e nenas respecto ás responsabilidades no ámbito escolar.

### Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.

- 1.1. Coordina a comunicación verbal e a non verbal no diálogo.
- 1.2. Interpreta a expresión non verbal dos seus interlocutores en situacións de comunicación informal.
- 1.3. Asocia a expresión de emocións coa linguaxe non verbal que utilizan os personaxes de ficción.

- 1.4. Pensa antes de expresarse.
- 1.5. Comunícase tendo en conta as características do seu interlocutor e respectándoas en calquera contexto.
- 2.1. Mostra gusto e interese por dialogar, respecta a quenda de palabra e dálles a oportunidade aos demais de falar.
- 2.2. Comprende e aprecia a expresión que fan outras persoas dos trazos culturais que as caracterizan durante os intercambios de ideas.
- 2.3. Respecta as diferentes formas de pensar e non pretende ter sempre razón nos debates.
- 3.1. Comeza relacións, inicia conversacións e suxire actividades no ámbito escolar.
- 3.2. Establece e mantén relacións de amizade con diferentes persoas.
- 3.3. Respecta os estados de ánimo doutras persoas e tenos en conta durante o traballo colaborador na aula.
- 4.1. Identifica diferentes maneiras de actuar, compréndelas e toléraas.
- 4.2. Adopta unha actitude positiva ante as diferenzas individuais.
- 4.3. Respecta e valora as calidades dos demais en actividades de avaliación.

### Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.

- 1.1. Percibe os intereses e as necesidades doutras persoas e tenos en conta durante o traballo por pares.
- 1.2. Ofrece e recibe axuda utilizando fórmulas de cortesía ao realizar as tarefas escolares.
- 1.3. Mostra unha actitude positiva e interese en colaborar e traballar en equipo.
- 1.4. Valora a amizade e coida as relacións de forma manifesta.
- 2.1. Razona o valor da resolución pacífica dos problemas.
- 2.2. Comprende e acepta os seus compañeiros, e achégase aos seus posicionamentos nos debates e os traballos cooperativos.
- 2.3. Explica un problema e ofrece algunhas solucións en público.
- 3.1. Acepta e respecta as normas da comunidade escolar.
- 3.2. Coñece e expón por escrito valores básicos que favorecen a vida en común.
- 3.3. Explica problemas que xera a desigualdade de oportunidades entre xéneros en situacións reais.
- 3.4. Toma a iniciativa ao rexeitar discriminacións na aula.
- 4.1. Dramatiza o modo en que goza de determinados elementos do contorno.
- 4.2. Toma iniciativas para conservar o medio escolar e melloralo.
- 4.3. Expón actividades que degradan a natureza mediante carteis e murais.



- 5.1. Argumenta a necesidade dalgunhas normas de tráfico básicas.
- 5.2. Representa e dramatiza o modo adecuado de viaxar en diversos medios de transporte.
- 5.3. Explica algunha razón pola que son necesarias medidas de seguridade básicas nos medios de transporte públicos e privados.

## **6.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

### **Lengua castellana**

O ensino da área debe partir do uso da lingua que os alumnos xa adquiriron ao comezo da etapa, partindo disto terase que ampliar a competencia comunicativa e lingüística de forma que sexan capaces de interactuar en todos os ámbitos sociais nos que participan.

O uso social da lingua en contextos familiares, privados, públicos e escolares, deben de ser o fio condutor dos contidos da área.

Tense que entender a lingua desde a perspectiva global, posto que os diferentes bloques de contidos nos que se articula a área non poden corresponder á práctica docente, senón que esta debe enfrontarse relacionando os diferentes bloques posto que todos eles están moi relacionados.

A integración das competencias e das intelixencias múltiples na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a. Isto conséguese:

- Nas tarefas integradas.
- Nas dobres páxinas a final de cada unidade didáctica do Libro do Alumno.
- Nas actividades competenciais e de intelixencias múltiples do libro guía.
- Nos proxectos específicos trimestrais.

É a través destes proxectos e tarefas integradas que os alumnos poden desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo, a selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que se utilizarán e en relación coa elaboración e presentación do proxecto, a súa corrección e, finalmente, a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as propias ideas.

O uso das TIC é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido posto que nos permite motivar o alumno, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que expoñen:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos coñecementos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de Segundo Curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia.

- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en Proxectos e tarefas integradas, uso das TIC e actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos.

## **Lingua galega**

O ensino da área debe partir do uso da lingua que os alumnos xa adquiriron ao comezo da etapa, partindo disto terase que ampliar a competencia comunicativa e lingüística de forma que sexan capaces de interactuar en todos os ámbitos sociais nos que participan.

O uso social da lingua en contextos familiares, privados, públicos e escolares, deben de ser o fio condutor dos contidos da área.

Tense que entender a lingua desde a perspectiva global, posto que os diferentes bloques de contidos nos que se articula a área non poden corresponder á práctica docente, senón que esta debe enfrontarse relacionando os diferentes bloques posto que todos eles están moi relacionados.

A integración das competencias e das intelixencias múltiples na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a. Isto conséguese:

- Nas tarefas integradas.
- Nas dobres páxinas a final de cada unidade didáctica do Libro do Alumno.
- Nas actividades competenciais e de intelixencias múltiples do libro guía.
- Nos proxectos específicos trimestrais.

O uso das TIC é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido posto que nos permite motivar o alumno, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que expoñen:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos coñecementos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de Segundo Curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia.

- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en Proxectos e tarefas integradas, uso das TIC e actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias a todos os alumnos.

## **Matemáticas**

A ensinanza desta área ten que ser sobre todo experimental. Os contidos deben tomar como referencia o cercano e en contextos de resolución de problemas. E contraste de puntos de vista debe aprenderse en contextos naturais de aprendizaxe e relacionados coa

vida diaria, adquirindo os coñecementos máis complexos a partir de experiencias e coñecementos previos.

A resolución de problemas debe ser un dos eixos básicos da actividade matemática convertíndose no eixo vertebrador de todos os contidos de maneira relacionada e cíclica.

A integración das competencias e das intelixencias múltiples na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a. Isto conséguese:

- Nas dobres páxinas ao final de cada unidade didáctica do libro do alumno.
- Nas actividades competenciais do Libro Guía.
- Nos proxectos específicos trimestrais.

A través destes proxectos os alumnos poden desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo e da selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que vaian utilizar, así como respecto da elaboración e da presentación do proxecto, da súa corrección e, finalmente, da exposición. Todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo, que permite desenvolver tanto a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinións alleas e a reflexión sobre as propias ideas.

O uso das TIC é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar o alumnado, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, favorecer a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de sínteses e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que expoñen o seguinte:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para os alumnos de Segundo Curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias básicas propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, traballo cooperativo en proxectos, tarefas integradas, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. Divídense en niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias básicas a todos os alumnos.

## **Ciencias da natureza**

Os contidos da área de Ciencias da natureza están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Os contidos conceptuais, procedementais e actudiniais deben ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre

temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo...), onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

A área de Ciencias da Natureza, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia os alumnos no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico. O ensino da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto co contorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e as súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

Fronte a un problema, pódense utilizar diferentes estratexias de resolución, distintas hipóteses ou conxecturas, que dan lugar ao contraste e á diverxencia, entre diferentes pensamentos. É ao redor destas diverxencias onde se fomenta o interese, o espírito analítico e crítico, e as posibles respostas dos alumnos. A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquieren un papel relevante na interpretación de feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo iso conduce á introdución do método científico.

A integración das competencias e intelixencias múltiples na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a. Isto conséguese:

- Nas actividades ao final de cada unidade didáctica
- Nas actividades competenciais
- Nos proxectos específicos.

É a través destes proxectos que os alumnos poden desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo, a selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que se van a utilizar, e en relación coa elaboración e coa presentación do proxecto, coa súa corrección e, finalmente, coa exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais.

O uso das TIC é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar ao alumno/a, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que expoñen:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situación cotiás e contextualizadas para o alumno/a de segundo curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias básicas propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples, traballo individual e en grupo, traballo cooperativo, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias básicas a todos os alumnos.

## **Ciencias Sociais**

Serán propostas de traballo que xurdan dun problema, acontecemento ou inqueda, que supoñan un proceso de investigación e acción que garanta a participación activa do alumnado, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes e que lle permita organizar o seu pensamento, a reflexión crítica e facilite o proceso de autorregulación das aprendizaxes. O traballo por proxectos, os estudos de casos, a aprendizaxe baseada en problemas, as experiencias de aprendizaxe por servizo, as prácticas de aprendizaxe colaborativa, as prácticas de ensinanza e aprendizaxe baseadas no pensamento crítico e creativo e as experiencias en comunidades de aprendizaxe serían propostas que responderían a ese perfil.

É fundamental na área de Ciencias sociais o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.

A planificación e o desenvolvemento destas propostas levan asociada a utilización de diversos instrumentos de avaliación.

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partírase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.

O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, a construción das aprendizaxes é persoal e, polo tanto, moi diversa polo que se presentarán propostas de traballo individual e de equipo que posibilitan a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado.

Deberase buscar propostas e estratexias que activen ao alumnado que promovan a curiosidade e a motivación neste, de cara á investigación e resolución de problemas e que lle permitan ser consciente de que el é o responsable das súas aprendizaxes.

## **Plástica**

O desenvolvemento desta área deberá permitir coñecer, e apreciar as manifestacións artísticas para favorecer o desenvolvemento da súa percepción, sensibilidade, curiosidade e creatividade.

A metodoloxía utilizada en Educación Artística, como non pode ser doutro modo, debe ser asumida desde a perspectiva de “saber facer”, é dicir, os procesos de aprendizaxe han de realizarse a partir da propia experiencia, actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas; sendo o protagonista activo no proceso de sensibilización, apreciación e creación artística.

Dende esta perspectiva teremos en conta os valores creativos e expresivos (o neno/a debuxa, pinta, canta, baila, modela, toca un instrumento, dramatiza, presenta unha historia ou un xogo expresando os seus propios sentimentos e emocións...), e os valores perceptivos (o neno/a tamén contempla debuxos, cadros, esculturas, fotografías, películas, videoclips, escoita cancións, asiste a representacións teatrais, a festas, ao circo...). As linguaxes artísticas traballaranse a través de técnicas e procedementos diversos dunha forma máis dinámica e creativa.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Nesta área os alumnos iníciense no coñecemento e aprecio do feito cultural en xeral, polo que terán que formarse en habilidades e actitudes que permitan acceder a manifestacións artísticas que os leven a poder desenvolver a súa capacidade crítica.

O traballo en grupo colaborador será unha forma de adestrar as diferentes habilidades e destrezas para chegar ao desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora cun interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

## **7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

### **Lengua castellana**

Recursos materiais:

- O libro do alumno.
- A proposta didáctica.
- Os recursos fotocopiabes da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- O material de aula correspondente a este curso: murais, láminas,...
- Diferentes ligazóns web recomendadas na proposta didáctica.
- Ordenador e outros recursos TICS.
- Biblioteca de aula e de centro.

Recursos persoais:

- Titor.
- Departamento de orientación: orientadora, PT
- Profesorado que imparte clase no grupo.
- Servizos externos.
- Familias.

Recursos organizativos:

- Flexibilización de espazos e tempos para posibles apoios, reforzos e ampliación.

### **Lingua galega**

Recursos materiais:

- O libro do alumno.
- A proposta didáctica.
- Os recursos fotocopiabes da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- O material de aula correspondente a este curso: murais, láminas,...
- Diferentes ligazóns web recomendadas na proposta didáctica.
- Ordenador e outros recursos TICS.
- Biblioteca de aula e de centro.

Recursos persoais:

- Titor.
- Departamento de orientación: orientadora, PT
- Profesorado que imparte clase no grupo.
- Servizos externos.
- Familias.

Recursos organizativos:

- Flexibilización de espazos e tempos para posibles apoios, reforzos e ampliación

### **Matemáticas**

Recursos materiais:

- O libro do alumno.
- A proposta didáctica.
- Os recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- O material de aula correspondente a este curso: murais, láminas,...
- Diferentes ligazóns web recomendadas na proposta didáctica.
- Ordenador e outros recursos TICS.
- Biblioteca de aula e de centro.

Recursos persoais:

- Titor.
- Departamento de orientación: orientadora, PT
- Profesorado que imparte clase no grupo.
- Servizos externos.
- Familias.

Recursos organizativos:

- Flexibilización de espazos e tempos para posibles apoios, reforzos e ampliación.

### **Ciencias da natureza**

Recursos materiais:

- O libro do alumno.
- A proposta didáctica.
- Os recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- O material de aula correspondente a este curso: murais, láminas,...
- Diferentes ligazóns web recomendadas na proposta didáctica.
- Ordenador e outros recursos TICS.
- Biblioteca de aula e de centro.

Recursos persoais:

- Titor.
- Departamento de orientación: orientadora, PT
- Profesorado que imparte clase no grupo.
- Servizos externos.
- Familias.

Recursos organizativos:

- Flexibilización de espazos e tempos para posibles apoios, medidas de reforzo e ampliación.

### **Ciencias sociais**

**Recursos materiais:**

- O libro do alumno.
- A proposta didáctica.

- Os recursos fotocopiados da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.

- O material de aula correspondente a este curso: murais, láminas,...
- Diferentes ligazóns web recomendadas na proposta didáctica.
- Ordenador e outros recursos TICS.
- Biblioteca de aula e de centro.

Recursos persoais:

- Titor.
- Departamento de orientación: orientadora, PT
- Profesorado que imparte clase no grupo.
- Servizos externos.
- Familias.

**Recursos organizativos:**

- Flexibilización de espazos e tempos para posibles apoios, reforzos e ampliación.

## **Plástica**

Recursos materiais:

-Lapis, goma de borrar, lapis de cores, ceras brandas, rotuladores, témperas, regra, compás, tesoiras, pegamento, pinces, plastilina.

- Material reciclado: teas, *tetrabrik*, papel de aluminio e macarróns.
- Material reciclado: revistas, xornais, clips, cartón, papel de aluminio, papel de cores, chapas, tapóns, teas...
- Ordenadores.
- Material dixital: vídeos e crebacabezas de obras de arte, actividades interactivas compositivas, actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.
- Consulta de páxinas web e actividades de reforzo e ampliación para atender a diversidade do alumnado

Recursos persoais:

- Titor.
- Departamento de orientación: orientadora, PT
  - Profesorado que imparte clase no grupo.
  - Servizos externos.
  - Familias.

Recursos organizativos:

- Flexibilización de espazos e tempos para posibles apoios, reforzos e ampliación

## **8.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas e os obxectivos fixados.No primeiro trimestre realizarase unha **avaliación inicial** que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.Os instrumentos desta avaliación inicial serán:

- A revisión dos informes previos e do expediente.
- A observación na aula.
- Diálogos e valoración das respostas orais do alumnado.

Ao longo do curso realizaranse **tres avaliacións**, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas. As asignaturas dividiranse en temas ou unidades didácticas que se repartirán ao longo das tres avaliacións.



Os procedementos serán variados e descritivos para facilitar a información do progreso nas distintas áreas e as competencias básicas, utilizando os **seguintes instrumentos**:

- Observación sistemática.
- Revisión de traballos realizados polos alumnos/as.
- Probas escritas.
- Respostas orais.
- Rexistro e control por parte da profesora
- Informes previos.
- Entrevistas ás familias.

Valoramos:

- A realización dos exercicios diarios na clase.
- A realización das tarefas da casa.
- O seu interese.
- O esforzo.
- A resposta das preguntas diarias orais da clase.
- A realización das probas orais e escritas.
- A participación do alumnado.
- A atención e concentración do alumnado.

## 9.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Adoptamos os seguintes **criterios de cualificación**:

- Controis escritos: 50%
- Tarefas realizadas na clase orais e escritas e participación en actividades cooperativas e proxectos: 40 %
- Interese, esforzo persoal, traballo na casa ...10%

En Expresión plástica :

Observación directa: 60% (Notas recollidas na aula pola mestra)

Documentos e outros: 40% (Documentos gráficos ou textuais individuais ou de grupo, exposicións e outras elaboracións)

	<b>CRITERIOS</b>
Traballo autónomo na aula e outros	Realización sen axuda externa.

espazos	<p>Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.</p> <p>Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.</p> <p>Orde e limpeza na presentación.</p> <p>Caligrafía.</p> <p>Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.</p> <p>Valoración entre o traballo na aula e na casa.</p> <p>Creatividade.</p> <p>Actitude ante o traballo.</p> <p>Grao de concentración e atención</p>
Probas escritas	<p>Valoración da aprendizaxe dos contidos.</p> <p>Valoración dos procesos seguidos e resultados.</p> <p>Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade.</p> <p>Coherencia e adecuación.</p> <p>Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade.</p> <p>Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.</p> <p>Caligrafía lexible.</p> <p>Tempo de realización.</p>
Actividades TICS	<p>Utilización das TIC, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade.</p> <p>Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha).</p> <p>Grao de elaboración da resposta.</p> <p>Interese, motivación.</p>
Participación e seguemento das clases	<p>Nivel e calidade das intervencións.</p> <p>Mensaxe estruturada.</p> <p>Uso de vocabulario apropiado.</p> <p>Comportamento.</p> <p>Esfuerzo.</p> <p>Interese.</p> <p>Atención as intervencións dos/das compañeiros/as.</p>
Traballo cooperativo	<p>Capacidade de traballo cooperativo.</p> <p>Grao de comunicación cos compañeiros e compañeiras.</p> <p>Resolución de conflitos.</p> <p>Interese, motivación.</p> <p>Creatividade.</p> <p>Iniciativa.</p>

	Grao de participación e implicación no traballo cooperativo
Arquivo de traballo individual	Presentación clara e ordenada. Calidade dos traballos do alumnado

## 10.- MÍNIMOS DOS ESTÁNDARES ESXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

### Lengua castellana

- Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos próximos á experiencia infantil.
- Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.
- Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper.
- Utiliza a lingua castelá en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.
- Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
- Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.
- Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado.
- Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
- Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.
- Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.
- Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
- Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
- Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
- Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
- Sinala o xénero e número de palabras dadas.
- Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
- Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

### Lingua galega

- Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos próximos á experiencia infantil.
- Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.
- Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper.

- Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.
- Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
- Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.
- Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado.
- Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.
- Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.
- Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.
- Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
- Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
- Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
- Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
- Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
- Sinala o xénero e número de palabras dadas.
- Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.
- Recrea e compón poemas sinxelos e relatos breves, a partir de modelos sinxelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.

## **Matemáticas**

- Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.
- Le, escribe e ordena números ata o 999.
- Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes
- Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problema .
- Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados. s contextualizados.
- Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema
- Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade
- Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.
- Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.
- Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.
- Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato.

- Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato.
- Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.
- Utiliza os números ordinais en contextos reais.

- Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras

- Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relacións.

Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos.

## Ciencias da natureza

- Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
- Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.
- Recoñece a respiración e a nutrición como funcións vitais.
- Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.
- Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno
- Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto
- Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.
- Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.
- Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión.
- Identifica e describe as partes dun ordenador durante o seu uso. responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.
- Emprega o ordenador de forma guiada.

## Ciencias sociais

- Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
- Identifica a terminoloxía propia da área.
- Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.
- Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.
- Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima.
- Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural.
- Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e
- Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore, propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.
- Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.
- Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.
- Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.
- Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.

- Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio

## **Plástica**

O grao mínimo de consecución dos estándares avaliados de aprendizaxe para superar a materia de Educación Plástica establecerase en función das posibilidades, capacidades e coñecementos previos do alumnado, cun carácter individualizado e personalizado, onde primará a atención á diversidade. Neste punto a observación directa do alumnado, é dicir, o seu comportamento na aula, esforzo á hora de realizar as tarefas, actitude ante o traballo, etc... será un factor determinante. Por outro lado, o alumnado deberá demostrar a adquisición dos coñecementos descritos nos contidos, o alcance dos diferentes obxectivos propostos para a Educación Primaria na área da Educación Plástica e a superación, en maior ou menor medida, dos estándares avaliados de aprendizaxe. Para iso, será determinante a avaliación de ferramentas como documentos gráficos ou textuais, os proxectos persoais ou de grupo, as exposicións e outro tipo de elaboracións relacionadas coa área, que serán valorados sempre tendo en conta as características individuais do alumnado e do grupo.

## **11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- 0 ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA): Os contidos nucleares da Unidade Didáctica preséntanse de forma pautada, con máis apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de Competencias por parte dos alumnos.
- 1 AMPLIACIÓN: Fichas fotocopiáveis con actividades de máis dificultades para a súa resolución, para o tratamento doutros contidos relacionados cos do curso, etc.
- 2 COMPETENCIAS E INTELIXENCIAS MÚLTIPLES: Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, co movemento, coa representación plástica, coa dramatización.
- 3 PLANS INDIVIDUAIS dirixidos a alumnos que o requiren.
- 4 ACTIVIDADES MULTINIVEL: Posibilita que os alumnos atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Por exemplo, o grupo-clase pode estar a traballar o xénero masculino e feminino, mentres que varios alumnos poden estar a reforzar os artigos o/a, e simultaneamente outros poden estar a traballar no seu nivel máis básico de comprensión dun texto. Deste xeito, nunha mesma clase posibilitase traballar en diferentes niveis, segundo as habilidades de cada alumno/a.
- 5 ENSINANZA TORIZADA.
- 6 TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.

LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.

## **12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Participaremos na celebración de festas populares do Centro a celebrar como xornadas reducidas:

- Magosto- 27 de outubro
- Nadal- 21 de decembro
- Entroido- 9 de febreiro
- Fin de curso- 21 de xuño

Tamén participaremos nas efemérides programadas polo Centro (Día de Rosalía, da muller traballadora...). Participaremos tamén na semana de teatro a celebrar no mes de xuño.

Realizaremos viaxes culturais e visitas que se organizarán ao longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos alumnos.

No primeiro trimestre están previstas dúas saídas:

Saída á Córax Fauna en Paderne para coñecer de cerca distintos animais e incluso poder establecer contacto cos mesmos(11 de outubro).

Saída ao cine no mes de Nadal.

No segundo e terceiro trimestre realizaranse polo menos unha saída en cada un deles.

## **13.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN LECTOR**

Dende As distintas áreas podemos favorecer o desenvolvemento do proxecto lector da seguinte maneira:

- Favorecer o placer pola lectura
- Lectura de textos variados e en distintos soportes.
- Ampliación do vocabulario nas distintas unidades didácticas.
- Busqueda de información e tratamento da mesma.
- Realización de murais, exposicións.
- Hora de ler:lectura en silencio, lectura en voz alta, lectura por parellas, lectura e exposición das ideas fundamentais do texto.

-As mochilas viaxeiras.

- Uso da biblioteca de aula e a de centro, outras bibliotecas.

As sesións de lectura non irán orientadas a unha continuación da clase, senón a un goce e disfrute da mesma.

Lectura:

-Lectura do libro de texto.

- Outros textos escritos curtos de tipoloxía diferente.
- Textos en soporte dixital.
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes e audios.

#### **14.- INTEGRACIÓN DAS TIC'S**

Para incorporar as TICs na aula propóñense unha serie de recursos integrados cos contidos e actividades das distintas materias de primeiro curso, que complementan e amplían.

Actividades TIC

- Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.

Enlaces a internet

- Aproveitamento de recursos educativos de internet: búsqueda de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización para transformar estes elementos en coñecementos.

Dispoñemos de un ordenador na clase con un proxector.

Unha hora á semana acudiremos á aula de informática do centro para que cada alumno/a traballe no seu propio ordenador.

#### **15.- CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Teranse en conta os seguintes elementos:

A organización da aula e o aproveitamento dos recursos do Centro.

O carácter das relacións entre mestres e alumnos, e entre os mesmos mestres, así como a convivencia entre alumnos.

A coordinación entre os órganos e persoas responsables, no Centro, da planificación e desenvolvemento da práctica docente: equipo directivo, claustro de profesores, CCP, tutores e mestres especialistas e de apoio.

A regularidade e calidade da relación cos pais ou tutores legais.

Entre os aspectos do proxecto educativo que se someterán a avaliación figuran os seguintes:

A adecuación dos obxectivos programados ás características dos alumnos.

A distribución equilibrada e apropiada dos contidos

A idoneidade da metodoloxía, dos materiais, recursos e actividades seleccionadas.

A validez dos criterios de avaliación.

A pertinencia das medidas de adaptación curricular para os alumnos con NEE.



OUTUBRO, 2017  
MARÍA JOSÉ QUINDIMIL SUÁREZ